



Deputación
DA CORUÑA

Boletín de Medio ambiente

Nº 320

27/11/2024



Cerca do Mosteiro de Sobrado sitúase a coñecida **lagoa** do mesmo nome. Protexida pola Rede Natura 2000, converte **A Lagoa de Sobrado dos Monxes** nun dos humi-daís máis importantes e interesantes da xeografía de Galicia, tanto pola súa riqueza na súa flora e na súa avifauna. A forma ca-se circular da lagoa comprende unha super-ficie de 10 ha. cunha profundidade media de 1,5 a 4,5 metros. Entre a **vexetación** destacan especies como o bidueiro, freixo, carballo, salgueiro, ameneiro ou o sauco. Nenúfares, trevos de auga, espigas de au-ga, xuncos, forman parte da vexetación acuífera. Na profundidade do lago vive unhas **algas** que tan só se poden atopar neste lugar como son a *Nitella flexilis* e a *Myriophyllum alterniflorum*...

Noticias

O Martinete reclama un parque: piden que se humanice a ribeira do Monelos

Os **veciños do Martinete** viviron emocionados o comezo das obras de **demolição da estrutura** de ladrillo que durante anos forá **refuxio de toxi-cómanos** que causaban toda clase de proble-mas. A asociación Monte Martelo, que os repre-senta, espera que esta demolição sexa o punto de partida para construír un novo barrio, **levan-tando no seu lugar un parque** que tería como columna dorsal o río Monelos.

A **idea** é humanizar parte do curso que queda oculto, duns trescentos metros de longo, para convertelo nun parque, unha especie de paseo fluvial que sirva para conectar varias zonas da periferia entre si.

Máis Info

Bota a andar en Lousame a primeira iniciativa de mobilidade eléctrica comunitaria do Estado

Xa está operativa a primeira iniciativa de **mobili-dade eléctrica** comunitaria do Estado, un pro-xecto que bota a andar en **Froxán** (Lousame, comarca de Noia) co apoio da **Deputación da Coruña**. Trátase dun sistema no que o vehículo é de uso compartido para todas as persoas que participan na Comunidade Enerxética de Froxán, proxecto que conta coa súa propia instalación fotovoltaica que tamén subministra á metade de vivendas do lugar. A **diferenza** doutros sistemas de car-pooling, onde o vehículo é propiedade dunha empresa externa que cobra aos usuarios polo uso, neste proxecto **o automóbil pertence á propia comunidade enerxética e é de uso gratuito para as usuarias**.

Máis Info

A illa de Jeju (Corea) albergará o 'Día Mundial do medio ambiente 2025'

Nove de cada dez persoas en todo o mundo están expostas a niveis de contaminación que superan o limiar de seguridade sinalado pola **Organización Mundial da Saúde (OMS)**. Impulsado por Nacións Unidas e desde hai máis de 40 anos, cada 5 de xuño celébrase o **Día Mundial do Medio**, co claro obxectivo de concienciar á sociedade sobre a importancia de garantir unha protección duradeira do planeta e os seus recursos naturais.

O Ministerio de Medio Ambiente da República de Corea e o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) anunciaron que a **provincia autónoma especial de Jeju** será a **sede do Día Mundial do medio ambiente o 5 de xuño de 2025**.

Máis Info

Un estudo con selo galego, pioneiro na análise da única libélula que se reproduce de noite

Pertence a unha familia de libélulas apenas estudada e é unha especie que só pode atoparse en República Dominicana e Haití. A **Phyllostes ethelae** presenta un comportamento ata agora nunca detectado nos odonatos, como **retrasar o apareamento ata última hora da tarde** ou mesmo despois do anoitecer. Este foi o principal descubrimento do estudo do comportamento desta especie levado a cabo polo grupo de investigación EcoEvo da Universidade de Vigo (UVigo) na illa da Hispaniola.

O estudo recentemente publicado na revista científica *Animal Biodiversity and Conservation* é resultado de dous traballos de campo realizados na **illa de Hispaniola nos anos 2017 e 2019**, co obxectivo de **analizar tanto o comportamento xeral como reprodutivo** desta especie da familia Synlestidae.

Máis Info

Un proxecto avanza non uso da resina natural galega para aromatizar cosméticos

Un proxecto busca desenvolver novos produtos derivados da **resina natural galega** para que sexan utilizados no **sector dos pesticidas ou mesmo da cosmética**. O Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) acolleu a presentación dunha iniciativa destinada a potenciar a industria resinreira galega e mellorar a competitividade do sector.

A **finalidade** do proxecto, que desenvolve o Grupo Operativo RESFO (Resina, Fortalezas e Oportunidades de Mercado), é **aumentar a rendibilidade dos montes galegos a través da mellora do aproveitamento resinreiro**, optimizando o proceso de destilación da resina natural de Galicia en envase pechado, situándoa como un produto de alta calidade.

Por outro lado, determinarán a **calidade da resina natural galega**, para o que levarán a cabo unha caracterización exhaustiva da mesma, identificando os atributos que lle confiren un valor diferencial no mercado global. Ademais, o proxecto inclúe o deseño de estratexias de promoción específicas para dar a coñecer as vantaxes da resina que se obtén en Galicia, fomentando a súa demanda tanto no eido nacional como no internacional.

Máis Info

Sabías que...

A perda de diversidade de fauna e flora e a fragmentación dos ecosistemas desencadearon o fenómeno coñecido como **síndrome do bosque baleiro ou bosque silencioso**. Refírese os bosques que en aparencia parecen intactos pero que, con todo, perderon gran parte da súa fauna, o que afecta a procesos ecolóxicos como a polinización e a dispersión de sementes, vitais para a súa supervivencia.



Mestura informativa

RECEITA ECOLÓXICA: Ovos recheos de espinacas e ricotta

Ingredientes: Ovos 6 ud, espinacas cocidas e escorridas 1 cunca, queixo ricotta ½ cunca, queixo parmesano relado ¼ de cunca, allo picado, 1 dente, aceite de oliva, 2 culleradas de sal ao gusto, pementa ao gusto, noz moscada un chisco.

Preparación:

1. Cocemos, arrefriamos e pelamos os ovos.
2. Nunha tixola, quentamos o aceite de oliva e salteamos o allo picado ata que estea fragrante. Agregamos as espinacas cocidas e escorridas á tixola, e cociñamos por uns minutos.
3. Nunha cunca, mesturamos as espinacas salteadas, o queixo ricotta, o queixo parmesano, o sal, a pementa e a noz moscada.
4. Enchemos as metades de ovo coa mestura de espinacas.
5. Relamos as xemas por encima e refrixeramos antes de servir.

O prometedor uso das algas para frear a praga que arrasa as vides en Galicia

Ano tras ano, a xente que traballa na viticultura ten que lidar cun inimigo insidioso. **O mildiu**, enfermidade provocada polo patóxeno *Plasmopara viticola*, **é unha das pragas máis importantes que afectan as vides en Galicia**; de feito, é endémica. Co peche da campaña de 2024, as adegas respiran tranquilas: o ano non foi, nin de lonxe, tan terrible como 2023. Pero seguen facendo falla **tratamentos** que axuden a mitigar a súa influencia. Agora, un **proxecto de investigación** na que colaboran a empresa Porto-Muíños coa Misión Biolóxica de Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas (MBG-CSIC) **analiza o emprego de extractos de algas para axudar non seu control**.

Máis info

Camarón, ameixa, nécora e centola, os mariscos máis demandados para conxelar e como facelo

Falta algo máis dun mes para a primeira gran cita do Nadal que reunirá a familiares e amigos ao redor dunha mesa, pero os restaurantes xa comezaron a lanzar as súas propostas de menús. **Nestas datas, mariscos e peixes son imprescindibles**. A demanda vai en aumento, pero **a oferta volve escasear**. As capturas de camarón na ría de Arousa levan meses baixo mínimos, a nécora tampouco abunda e o mesmo sucede coa centola. O resultado, que **os prezos comezan a encarecerse**.

Ante esta situación, os placentos constatan un **aumento das vendas destinadas a conxelar produto**. Unha placera de Ribeira sentencia que «os que saben mercan agora a **ameixa** para Nadal porque é cando máis chea está. Aínda que non é barata, despois o prezo será maior».


Máis Info

Sogama lanza unha guía didáctica para axudar aos cidadáns para reducir o desperdicio alimentario

No marco da Semana Europea da Prevención de Residuos, que este ano se celebra entre o 16 e o 24 de novembro, Sogama lanza unha **guía didáctica “Faite responsable da túa cesta”** coa que pretende deixar constancia do impacto ambiental, económico e social, ademais de moral, que ten tirar comida ao cubo do lixo.

A guía contextualiza a problemática a nivel mundial e achega cifras que convidan á reflexión. Por exemplo, segundo datos do Programa para o Medio Ambiente da ONU, **os fogares de todos os continentes desperdiciaron en 2022 o equivalente a máis de 1.000 millóns de comidas cada día**, e iso mentres 783 millóns de persoas padecían fame e un terzo da humanidade atravesaba unha delicada situación de inseguridade alimentaria.

Máis Info



Boas Prácticas

Arteixo finaliza as obras do novo tramo do paseo xunto ao Rego da Bidueira

O Concello de Arteixo finalizou as obras do tramo do paseo fluvial no Rego da Bidueira, un proxecto que tivo que paralizar durante dous anos tras descubrir que o pequeno río sufrira modificacións no seu leito.

A pasarela de madeira parte da zona do centro de saúde, na travesía de Arteixo, e **chega ata Candame pasando xunto ao Muíño Vello**, hoxe convertido en Aula da Natureza. Este paseo, dun quilómetro máis ou menos, realízase no primeiro tramo pola marxe dereita do regacho e despois pasa ao esquerdo a través dunha pequena ponte.

Máis Info

As Deputacións vascas lanzan un forte respaldo aos investimentos das empresas en descarbonización coa súa reforma fiscal

As modificacións que afectan ó Imposto de Sociedades –o que grava os beneficios que obtén as empresas– teñen o seu **epicentro nos incentivos aos novos investimentos** cuxo obxectivo sexa **descarbonizar procesos de produción**. Así, moitas destes investimentos que ata o de agora tan só beneficiábanse dunha dedución xenérica do 10% sobre o seu importe e con algunhas limitacións, **terán agora unha dedución do 35%**, que alcanzará tamén ás renovacións de frota de vehículos empresariais cando se trate de adquisición de novas unidades de **‘emisións cero’**. A dedución abarca tamén a instalación das unidades de recarga desa frota de vehículos eléctricos de empresa.

Máis Info

O Concello da Coruña aplicará intelixencia artificial para optimizar a xestión de BiciCoruña

O Concello da Coruña implementou un **novo algoritmo** para **optimizar o servizo municipal de bicicletas BiciCoruña**. Trátase dunha ferramenta innovadora que ten como **obxectivo** mellorar a eficiencia operativa e satisfacción das persoas usuarias do sistema de bicicletas públicas da cidade.

O novo software permitirá facer unha **mellor predición da demanda, anticipándose ás necesidades das estacións** e suxerindo accións para reequilibrar a distribución de bicicletas; a xestión de bicicletas defectuosas, identificando e priorizando a reparación de bicicletas; e optimizar roteiros, mellorando os desprazamentos dos vehículos que realizan tarefas de mantemento e reequilibrio para reducir tempos e desprazamentos.

Máis Info

Axenda Ambiental

-  Barcelona reunirá o próximo 12 de decembro a municipios, persoal técnico e especialistas en sustentabilidade no **seminario “Do prato ao planeta: municipios que transforman. Acción climática desde as políticas alimentarias locais”**. Os municipios debaterán accións para abordar a emerxencia climática desde políticas alimentarias locais, sostíbles e xustas.

Ver Boletíns anteriores

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Email: medioambiente@dacoruna.gal